

UNHA PRODUCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

A SÉRIE CLØPEN



dirección **Pablo Reboleiro** | dramaturxia **Clara Gayo** e **Pablo Reboleiro**



XUNTA
DE GALICIA

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Axencia Galega das Industrias Culturais.

Centro Dramático Galego



Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 881 867 229
centro.dramatico.galego@xunta.gal
centrodramatico.xunta.gal

Comunicación

Axencia Galega das Industrias Culturais
Cidade da Cultura de Galicia
Edificio Centro de Emprendemento
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092
prensa.agadic@xunta.gal
industriasculturais.xunta.gal

UNHA PRODUCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

A SƎRrie CLøp€N



dirección **Pablo Reboleiro** | dramaturxia **Clara Gayo** e **Pablo Reboleiro**







ÍNDICE

Topografías, Fran Núñez.....	11
Topoloxías, Pablo Reboleiro.....	13
Ficha artística.....	14
Funcións.....	15
Sinopse.....	17
Dirección.....	18
Dramaturxia.....	20
O elenco.....	22
O equipo artístico.....	33







TOPOGRAFÍAS

Fran Núñez | Director do Centro Dramático Galego

As palabras topoloxía e topografía son semellantes, pero non son mesmo. A primeira é unha rama das matemáticas que trata das formas e do espazo e a segunda é a elaboración de mapas. Unha letra muda todo. Muda o significado e muda o punto de vista. Ata hai un ano, pensaba que eran a mesma cousa. Imos aprendendo. Imos coñecendo. Imos descubrindo grazas á xente coa que nos imos encontrando na escena.

A serie clopen está entre unha e outra. Entre a abstracción matemática e a realidade do chan. Entre a idea e o corpo. Entre o cálculo e o salto. Circo e matemáticas. Matemáticas e historia. Fórmulas que se transforman en movemento. Historia que se repite. Movemento que se converte en fórmula. Risco, equilibrio, beleza. Perigo.

O circo como linguaxe. O circo como teatro. O circo como pensamento. O circo como diálogo. Porque o circo fala cos corpos. Porque as matemáticas falan coas ideas. Porque a historia fala de nós. Porque xuntas falan coa sociedade.

Clopen é diálogo interxeracional. Artistas novas e artistas con traxectoria. Mestura de voces, mestura de corpos, mestura de miradas. Dentro e fóra do escenario.

O teatro é espazo para a acción. Para a reflexión. Para a rebeldía. Para a esperanza. Nun tempo de medos. Nun tempo de fronteiras. Nun tempo de discursos que pechan. O teatro abre. O teatro resiste. O teatro convoca. O teatro xera encontros.

Hai ben pouco, nunha conversa, alguén preguntou se podía ser que a cabeza dunha persoa que se dedicase á ciencia tivera a mesma estrutura mental que unha persoa que se dedicase á creación. Outra persoa respondeu veloz. Si, porque ambas parten da curiosidade. Non perdamos a curiosidade. E é verdade. Pero tendemos a facer conxuntos pechados, a poñer o foco na diferenza.

A serie clopen é un xoguete escénico que nos permite soñar cun mundo no que a historia, as matemáticas e o circo poden xogar xuntas na escena. Un mundo no que as fronteiras se dilúan e a diferenza pase de ser ameaza a oportunidade.

A topografía mide o territorio. A topografía mide a terra. A topografía mide o que se ve. Pero tamén mide o que nos separa. O que nos divide. O que nos limita. As fronteiras son trazos. Son liñas. Son marcas. Marcan o dentro e o fóra. O permitido e o prohibido. O que é noso e o que non. As fronteiras pechan. O teatro abre.



Topoloxías

Pablo Reboleiro | Dirección e co-dramaturxia

Durante séculos, quen investigaba o mundo non separaba o que hoxe chamamos artes e ciencias. Pitágoras era músico e matemático, Leonardo foi pintor, inventor e filósofo, Omar Khayyam escribía poesía mentres resolvía ecuacións imposibles. A beleza da demostración convivía coa beleza do trazo. A intuición estética guiaba o descubrimento. A sabedoría era respectada e admirada.

As matemáticas tamén crean metáforas, abren camiños invisibles, deseñan formas que só existen cando alguén se atreve a imaxinalas. Neste espectáculo falamos de topoloxías: de espazos *clopen*, que son abertos e pechados ao mesmo tempo, unha sorte de utopía de entendemento entre os opostos, onde a distancia ou a cantidade non importan. Lugares que non varían cando se deforman. E empregamos esa linguaxe para falar doutra deformación: a que sofre a nosa sociedade cando parte da xuventude, sobre todo masculina, é capturada polo auxe do fascismo, pola súa exaltación do odio e a negación do coñecemento.

Alicia, unha adolescente apaixonada polas matemáticas, utiliza as súas bonecas da infancia para explorar os paradoxos dun mundo que comeza a comprender.

A *serie clopen* é unha metáfora matemática e política. Preguntámonos que significa ser aberto e pechado, como se constrúe un espazo seguro, que curvas agochadas nos levan a reproducir vellos totalitarismos. E propoñemos que o circo, como a topoloxía, pode transformar sen destruír: pode virar a realidade do revés para revelar que outro mundo é posible.

FICHA ARTÍSTICA

Dirección: **Pablo Reboleiro**

Dramaturxia: **Clara Gayo e Pablo Reboleiro**

Elenco

Marián Bañobre

Luz García

Johanna Hesse

Raquel Oitavén

Natalia Pajarito

Inés Santos

Guillermo Solo

Equipo artístico

Iluminación e videoescena

Escenografía

Caracterización e maquillaxe

Vestuario

Asistencia de vestuario

Deseño de movemento e coreografía

Asistencia de dirección e espazo sonoro

Asistencia de circo

Música orixinal

Asistencia de produción

Laura Iturralde

José Faro

e Laura Iturralde

Erea Pérez

e Paula Quintas

Carlos Alonso

Neme Vázquez

Marta Alonso Tejada

Marcos PTT

José Expósito

Xosé Lois Romero

Santi Romay

Realizacións

Escenografía e *atrezzo*

Vestuario

Coordinación e corrección

de textos | Asesoría lingüística

Fotografías e vídeos

Cartel

Deseño gráfico

Accesibilidade

Intérprete lingua

de signos

Centro Dramático Galego

Dirección

Produción

Axudante de dirección,

promoción e imaxe

Axudante de produción

Xestión

Comunicación

Subalterno

Publicacións

Equipo técnico

Técnico de iluminación

Asistente de iluminación

Técnicos de son

Auxiliar de son

Encargado de

estrutura escénica

Tremoias

Auxiliar de imaxe e son

Encargado de talleres

Xastras

Limpeza

Equipo técnico do CDG

Equipo técnico do CDG

Rosa Moledo

Miramemira

Juan Pablo Venditti

e Ana Vidal

Trisquelia

Culturactiva S. Coop.

Galega

Chusa Pérez de Vallejo

Fran Núñez

Francisco Veiga

Ana Balado Fontenla

Roi Rodríguez

Óscar M. Latas

Ana Miragaya

e Ana Rosales

Alfonso Codesido

Marcelina Calvo

Juanjo Amado

e Raúl Giraldo

Biqui Cabado

Antonio G. Budiño

e Guillermo Vázquez

Hugo Peñamaría

Salvador Forján

Rubén González,

Antonio Mayo,

Óscar Ortega,

Xaquín Rei,

Suso Rodríguez

e Elixio Vieites

Sandra Porto

Fernando Rodríguez

María Negreira

e Mónica Varela

Marisol Pérez

Agradecementos:

Jose Díaz, Belém Brandido, Aitor Garúz,

Mercè Solé, Aerial Frope,

Elena Vázquez Abal, Galuresa

FUNCIÓNS

Santiago de Compostela. Salón Teatro

Estrea

Xoves 11 de setembro ás 18.00 h

Funcións

Do 12 de setembro ao 26 de outubro de 2025
De mércores a domingo ás 18.00 h

Xira

Do 27 de outubro ao 9 de novembro de 2025 en Galicia e Portugal

Duración

90 minutos. Espectáculo recomendado para todo os públicos

Medidas de accesibilidade

Interpretacións a LSE, audiodescrición, subtítulos para o teléfono e funcións descontraídas*



*Todos os mércores ás 18.00 h. Unha sesión cunha atmosfera acolledora con máis tolerancia respecto do ruído e movemento no patio de butacas. Destinada ás persoas que buscan un ambiente máis relaxado que o dunha representación teatral ao uso, así como ás que poidan sentirse máis cómodas nese contorno, como aquelas con déficit de atención, deficiencia intelectual, espectro autista ou deficiencias sensoriais, sociais ou de comunicación.

Venda de entradas

Despacho de billetes no Salón Teatro (rúa Nova, 34)

Dúas horas antes de cada función

Venda anticipada en liña

Ataquilla.com

Prezo das localidades

10 euros

Descontos

40 % Persoas estudantes, xubiladas, maiores de 65 anos, usuarias do carné xove, desempregadas, familias numerosas, grupos a partir de 10 persoas, xornalistas, profesionais das artes escénicas e membros da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC).

40 % Día do Espectador (domingo): 6 euros.

Programa de mobilidade

Sobes ao bus do teatro? Servizo gratuíto de autobuses que achega os concellos galegos ao Salón Teatro.

SINOPSE





Acrobacias imposibles, aéreos impresionantes, comedia hilarante, danza, *clown* e unha historia cativadora. *A serie clopen* é un espectáculo multidisciplinar que reflexiona, en ton de humor, sobre os retos que ten que afrontar a xuventude nestes tempos de incerteza.

Alicia é unha rapaza que está nese momento vital onde comeza a construír a súa identidade e investiga o mundo que a arrodea. O seu cuarto segue cheo de bonecas e xoguetes, pero as preguntas invaden a súa mente. Ela, no seu afán de darlles resposta, abre unha canle onde explica curiosidades acerca dunha das súas paixóns: as matemáticas.

Pero todo o que descobre xera mais preguntas...

Poderán as "mates" explicar o momento político actual: o auxe dos absolutismos, dos fascismos, o aumento da desigualdade, ou o novo contexto bélico?

Poderá a nosa mocidade superar os retos que se lle impoñen á súa xeración?

E, sobre todo, poderá o circo, a arte do momento presente, do físico, do risco, da cooperación, ofrecer alternativas nun mundo absolutamente dixitalizado?



**DIRECCIÓN E
DRAMATURXIA**

A photograph of Pablo Reboleiro performing a handstand on a table in a classroom. He is wearing a white patterned shirt, dark pants, and colorful sneakers. The background shows a classroom setting with a blackboard and a door.

PABLO REBOLEIRO

Pablo Reboleiro Rama é un dos pioneiros do circo contemporáneo en Galicia.

Inicia a súa traxectoria artística vinculada aos malabares, ao *clown* e ao traballo de rúa. Despois de se licenciar en Matemáticas en 2001, marcha a Londres, onde obtén un Grao en Circo en The Circus Space e traballa alí para distintas compañías. Continúa a formarse en circo, danza, teatro e música en distintas escolas por todo o mundo, desenvolvendo unha identidade multidisciplinar que parte do humor e a relación directa co público.


No ano 2005 volve a Galicia, funda a compañía Pistacatro e abre o espazo Circonove. Traballa activamente no sector, fomentando numerosos proxectos como *Kamikaze*, gaña premios con espectáculos como *Trasno*, *Encontros* ou *Drop*. Convértese nun referente en Galicia e un embaixador do circo galego no exterior, representando os seus espectáculos en escenarios de máis de 25 países dos cinco continentes.

Sempre interesado pola "dramaturxia propia" do circo e polo que esta arte pode contar dende si mesma, no ano 2012 lánzase á dirección escénica na súa compañía Pistacatro, ideando, investigando e presentando espectáculos como *Impreuna*, *Orquestra de malabares* ou *Drop*.

No ano 2023 remata o Máster en Estudos Avanzados de Teatro da Universidad Internacional de La Rioja cun traballo sobre a análise dramaturxica do circo contemporáneo.



DRAMATURXIA



CLARA GAYO

Clara Gayo (Vigo, 1971) é principalmente dramaturga e actriz, aínda que nos últimos anos ampliou competencias coa dirección de *Pirolíticos* (2022) para Mofa e Befá, de Producións Teatrais Excéntricas, e *As damas de Ferrol* (2023) para Teatro do Noroeste. Tamén en 2022, dirixiu e escribiu *Paxaros no cabo* para Pistacatro, primeiro texto en galego para danza vertical, que posteriormente editou a revista *Errequeté* na súa colección de textos para teatro.

Fai parte, xunto con Carlos Santiago e Zé Paredes, do colectivo G.O.D Flavia Antonia (Grupo Oportunista de Drama) desde o ano 2017. Froito deste experimento de escrita a tres mans xurdiron *Acto de hixiene* (2017), *Poetas suicidas* (2018) e *Á mesa!* (2019).

Desde hai 14 anos, é directora da compañía de teatro amador FarandOleiras Cabaré, para a que escribiu numerosos espectáculos.

En 2015 gaña o Premio do Xurado do IX Premio de Teatro Radiofónico do programa *Diario Cultural* da Radio Galega con *Evasión*, e no ano 2017 (undécima edición) é finalista con *Proxecto Tempo*.

En 2009 foi seleccionada para participar nos IV Encontros en Magalia de Creación Contemporánea, organizados pola Red de Teatros Alternativos, co seu texto *Agorafobia: parálise sobre o medo*, que autoeditou xunto con RedeNasa na colección *Ultratextos*.

En 2010, Estaleiro Editora publica *Movidas e Razóns de peso*. No mesmo ano, escribe *A mirada de Pier* para Nut Teatro.

En 2014, a *Revista Galega de Teatro* publica *Prohibido sufrir*. E, posteriormente, en 2019, a mesma revista edita *Micropezas*, unha compilación de 20 pezas curtas entre as que se atopa a súa *Screenplay*.

En 2017 foi seleccionada para participar na comitiva de escritoras e escritores composteláns que acudiron á 42ª edición da Feira Internacional do Libro celebrada en Bos Aires.

Participou no II Torneo de Dramaturxia Galega no marco da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas (MITCFC), en colaboración con DramaturGA, coa peza *Con fabulación*, que en 2020 foi publicada por Edicións Positivas xunto co resto de participantes.

Interveu, así mesmo, no II Torneo de Dramaturxia organizado en 2018 por La Zona Teatro, en colaboración co Teatro Español, con *As boas actrices*, peza que en xullo de 2020 estreou na MITCFC xunto con Mónica Camaño e Arantza Villar.



O ELENCO



MARIÁN BAÑOBRE



Debuta como actriz de teatro aos 15 anos e, dende entón, ten participado en medio cento de producións profesionais dentro e fóra de Galicia, non só como intérprete, senón tamén como *clown*, creadora-directora escénica e deseñadora de vestiario.

Conta con cinco premios María Casares: Mellor Actriz Secundaria por *Tartufo*, de Teatro de Ningures; Mellor Actriz Protagonista por *Pequenos actos pseudorrevolucionarios*, de Ibuprofeno Teatro; Mellor Vestiario por *O furancho*, tamén de Ibuprofeno, e Mellor Dirección e Adaptación (xunto a Santiago Cortegoso) por *Invisibles*, de Redrum Teatro.

A young woman with curly hair, wearing a bright green hoodie and blue jeans, is performing a handstand in a modern hallway. She is looking directly at the camera with a slight smile. The hallway has a green metal railing on the left and a wall with posters on the right. The ceiling has recessed lighting.

LUZ GARCÍA

Luz García é unha nova artista formada na asociación Circonove e no Instituto Nacional de Artes de Circo (INAC) de Portugal. Vinculada ao novo circo contemporáneo, recibiu diversas formacións de circo, danza e teatro. Especializada en Cyr Wheel e acrobacia de chan, no seu traballo busca mesturar estas técnicas coa acrodanza, dándolle importancia á calidade expresiva do movemento.

Cocreadora de *Nin eu, nin ti*, peza de danza gañadora en 2022 do premio á mellor coreografía no II Certame Coreografiate e terceiro posto no II Certame Coreográfico Compostela, celebrado ese mesmo ano.

JOHANNA HESSE



Unida á danza desde nena, descubriu o circo convivindo coa compañía Maintomano, momento no que decidiu dedicarse a esta arte. Aos 16 anos iniciou a súa formación, estudando en escolas como Circonove (Santiago de Compostela), Die Etage (Berlín) e INAC (Famalicão), e completándoa con *workshops* de malabares, trapecio e movemento.

O trapecio é o seu elemento principal, pero tamén traballa con outras disciplinas, mesturando acrobacias aéreas con danza, teatro, *clown* e manipulación de obxectos. En 2019 creou a súa propia compañía, Al Grano, coa que en 2021 estreou *Kaldi*, obra que leva de xira internacional.

Profesora de circo desde 2017, combina a docencia coa súa actividade artística. Actualmente participa na creación dunha peza de formato longo coa compañía Troubles Champêtres (Francia–Portugal) e actúa con Eudanza, Discípulos de Morales e Al Grano.

A woman with blonde hair tied back, wearing a bright yellow long-sleeved crop top and blue jeans, is performing a pole dance move on a wooden staircase with yellow railings. She is holding onto a vertical pole with her right hand and has her left arm extended horizontally. The background shows a modern building with large windows and a white wall.

RAQUEL OITAVÉN

Creadora escénica, artista de circo aéreo, docente e técnica de seguridade en Circo.

Diplomada polo National Centre for Circus Arts (Londres) e formada en Artes de Circo na Escola Rogelio Rivel (Barcelona) e en Seguridade Aérea con Aerisc e AGATEC. En danza, instrúese con bailaríns como Sharon Fridman, Laly Aiguade, Fabian Thomé, Merce Cunningham Dance Company ou Gravity & Levity.

No ano 2000 crea a compañía de circo aéreo galega Duelirium, onde combina a creación dos seus espectáculos e a interpretación para outras compañías, como Pistacatro, Aporía Escénica, Fura dels Baus ou Generating Company, entre outras. En 2017 constitúe o Colectivo Verticalia, especializado en danza vertical, xunto a Determinada Compañía e Duelirium.

En 2023 abre o Studio Pole Art by Raquel Oitavén en Santiago de Compostela. Onde realiza os traballos de dirección, xestión e docencia especializada en circo, aéreos e pole, cun equipo de catro docentes.

Tamén imparte clases de danza contemporánea xunto a Paula Quintas en Alfaia Danza e é parte activa nas asociacións de circo galegas Circonove e APCG Asociación Profesional de Circo de Galicia.

No sector audiovisual, forma parte de proxectos con Margarita Ledo, Tamboura Films, Alfonso Zarauza, Pulsar Cinema ou 16 Thunders, entre outros.

A photograph of Natalia Outeiro, known as 'Pajarito', in a maroon jumpsuit with white accents. She is smiling and has her long brown hair flying around her head as if caught in a breeze. The background is a blurred indoor space with green chairs and a white ceiling.

NATALIA "PAJARITO"

Natalia Outeiro "Pajarito" é pallasa, actriz e directora. Artista multidisciplinar, destaca a súa carreira como pallasa dentro e fóra da península, cun percorrido xa de máis de 20 anos. Promotora e difusora do circo en Galicia, é socia fundadora da primeira compañía profesional galega de circo de Galicia, Pistacatro, e colaboradora activa na desaparecida Sala Nasa co grupo Chévere.

Estudia teatro na escola Espazo Aberto de Santiago de Compostela, danza no HAMU de Praga e circo na escola Criollo en Bos Aires. Segue en continua formación tanto en *clown* como en teatro, con mestres como Leo Basi, Michelle Dellaire, Maite Guevara, Pablo Ibarlutzea... Tamén continúa formándose como directora con Joel Bedows, Theor Roman e Noemi Rodríguez.

Co seu espectáculo individual de *clown* e escapismo *A vida tola* leva percorrido toda Galicia, ademais de xirar tamén a nivel nacional e internacional (Cuba, Rusia e Londres). Con esta proposta, gaña premios como o do Festival de Teatro do Carballiño (Feteg) en 2018, o Festival de Teatro do Carballiño e o FARANDULA 2021, Festival de Circo nas Palmas de Gran Canaria, os dous a mellor espectáculo. A nivel colectivo, traballou con compañías como Pistacatro, Chévere, Panamesiana, Mercé de Rande, Teatro sobre Ruedas.

Como directora, xa leva dirixidos máis de 10 espectáculos no mundo do circo, tanto individuais como colectivos, dous deles premiados en festivais: *Contiguo* en Circada e *Caír* en Entrepayaasos.



INÉS SANTOS

Nacida en Santiago de Compostela en 1999, graduada na Escola Superior de Arte Dramático de Galicia (ESAD) de Galicia, na especialidade de teatro xestual, Inés Santos complementou os estudos de teatro na Escola Superior Artística de Porto (ESAP) no curso 2021-2022. Indaga tamén no mundo da danza contemporánea na escola portuguesa Oficina Zero, dirixida pola coreógrafa Mafalda Deville en 2023-2024.

Como creadora escénica, funda en 2024 a compañía de teatro danza Enésima, xunto a Bal Castro, coa que crea dous espectáculos. Dunha banda, dirixe e interpreta o espectáculo *HABITAR-me* (2025), creado dentro do programa Palcos Inestáveis da Compañía Inestável, coa coprodución do Teatro Municipal do Porto, no Teatro Campo Alegre desta cidade xunto a Julien Pinoteau e Ilyas Chaoui. E, doutra banda, estrea con Bal Castro o espectáculo *Transparentar*, que nace das Residencias Paraíso 2023 do colectivo RPM e das residencias artísticas El Palacio de Xixón 2024.

En 2022 cofunda a compañía Mevadeus, coa que crearía dúas pezas: *Agro 5g*, gañadora do Xuventude Crea de teatro de 2021, e *Outrora nós*, premio do público ao mellor espectáculo da programación VigoCultura de 2022 na categoría público adulto e segundo premio do Certame Coreográfico de Compostela en 2023.

No seu paso por Oficina Zero en 2024, foi intérprete no espectáculo *And Then*, do coreógrafo Akira Yoshida, e da peza *Your Eyes, Your Tears, Your Hands*, da coreógrafa Mafalda Deville.



GUILLERMO SOLO

Nado en Santiago de Compostela e criado na Coruña, iniciou o contacto coas artes escénicas dende neno, influído polo traballo da súa nai como actriz de dobraxe na TVG. Retomou o interese a través dos malabares, formándose en 2001 na asociación Circus Fusión (Ferrol) e continuando na Escola Carampa (Madrid) e na Escola Nacional de Circo de Inglaterra (Londres), onde se licenciou en manipulación de obxectos.

Traballou coas compañías Gandini Juggling (The Hitmen) e Cirqu'lation Locale, antes de regresar a Galicia en 2010, onde creou Guillermo Solo Malabarista Internacional. En 2015 cofundou Pelotinautas xunto a Manu Lago, con quen estreou *Fair Play*.

Desde 2017 integra Pistacatro, participando en *Orchestra de malabares*, con xiras por oito países e premios en Sofía e Galicia, e en *Drop* (2022).



A photograph of two aerial acrobats performing in a studio. The scene is lit with a strong teal or cyan light. One acrobat, on the left, is wearing a white, fringed tutu and is suspended by ropes, holding onto a rope with her right hand. The second acrobat, on the right, is wearing a blue long-sleeved top and dark pants, and is suspended upside down by ropes, holding onto a rope with her left hand. The two acrobats are holding hands, creating a vertical line between them. The background is a plain, light-colored wall, and the floor is dark. The overall mood is dramatic and artistic.

O EQUIPO ARTÍSTICO



LAURA ITURRALDE **Deseño de iluminación e videoescena**

Dedícase á plástica escénica desde 2015, especializándose na dirección de arte para espectáculos en vivo, máis concretamente na rama de iluminación e visuais. A súa proposta artística pretende transformar espazos a través da luz que apoien a narrativa dos proxectos nos que traballa. Colaborou con artistas ou entidades como Mercedes Peón, Brigitte Vasallo, Tito Asorey, Borja Fernández, Guadi Galego, Tanxugueiras, David Amor e os Centros Dramáticos Galego e Nacional, ademais de percorrer co seu traballo países como Brasil, Chipre, Turquía, Bélxica ou Dinamarca. Recibe nos últimos anos seis premios María Casares á mellor iluminación e escenografía, así como o premio nacional Rogelio de Eguesquiza en 2021. Acumula un total de 11 candidaturas nos últimos sete anos

Combina a súa actividade nas artes vivas coa docencia. Imparte cursos e charlas en diversos centros públicos e privados e forma parte do corpo docente da aceleradora de proxectos musicais Sonemerxente, impulsada pola Axencia Galega das Industrias Culturais e a Fundación Paideia Galiza, así como da escola Diivant, dirixida por Luis Perdiguero.

Desde 2022 é vogal galega da Asociación de Autores de Iluminación, entidade adicada á obtención de recoñecemento da figura do deseñador/a de iluminación.

JOSÉ FARO "COTI" **Escenografía**

Deseñador de escenografía e iluminación dedicado ás artes escénicas dende o ano 2015. Traballa para diversas compañías e produtoras de Galicia, dando soporte na parte plástica e técnica, ofrecendo un rexistro de gran variedade de formatos e sempre na procura da excelencia.

A súa traxectoria nos últimos anos lévaa a ser cinco veces finalista aos premios María Casares de teatro nas categorías de Mellor Escenografía e Iluminación, así como a asinar deseños para espectáculos de longo percorrido a nivel nacional, como *Fariña*.

No ano 2021 emprende un proxecto de laboratorio para as artes escénicas e performativas, coa vontade de afondar na relación entre creador e obra dende a investigación e o desenvolvemento de técnicas e tecnoloxías aplicadas. En 2022 foi responsable da escenografía de *Continente María*.

EREA PÉREZ

Caracterización

Erea leva traballando de maneira profesional dende 2003, participando en proxectos audiovisuais tan recoñecidos como *Matalobos*, *El final del camino*, *Nueva tierra*, *El caso Asunta*, *Rondallas* ou *Fatum*, entre outros moitos.

No ámbito teatral, participa na gala dos María Casares de 2023, iniciándose así no mundo escénico.

Os seus traballos son recoñecidos pola diversidade, combinando técnica, creatividade e un coñecemento da dramaturxia visual, dotando os actores e actrices de elementos estéticos que compoñan as distintas personaxes.

A súa inqueda por perfeccionar o oficio mantena en constante actualización, explorando novas técnicas e materiais que enriquezan a súa práctica como se pode apreciar na súa nova andaina: Toxo FX, onde explora diversos efectos na caracterización de personaxes para vindeiros proxectos audiovisuais e escénicos.

PAULA QUINTAS

Caracterización

Bailarina, artista circense, coreógrafa, pedagoga e xestora cultural.

Licenciada en Historia da Arte, Danza e Circo, actualmente investiga dentro do programa de doutoramento en Creación e Investigación en Arte Contemporánea, da Universidade de Vigo.

Hibridar danza e circo é a súa marca. O seu traballo destaca polo diálogo entre o corpo e o movemento, xerando un compoñente visual e experiencial a través de códigos contemporáneos.

CARLOS ALONSO

Vestuario

Carlos Alonso é escenógrafo, figurinista, deseñador de vestuario e activista teatral autodidacta cunha ampla traxectoria. Foi membro fundador de La Farándula (1973) e colaborou en máis de cen espectáculos profesionais, tanto en compañías independentes como no Centro Dramático Galego desde 1984.

Recibiu 13 premios María Casares en escenografía e vestuario, traballando con grupos como Chévere, Teatro do Morcego, Teatro do Atlántico, Teatro de Ningures, Ainé Producións, Tanxarina Títeres e PT Excéntricas. Entre os seus traballos máis recentes están *Non pasarán* (Ártika Cía.), *As gardiás* (Teatro de Ningures), *A lúa vai encuberta* (Incendiaria) e *A quinta do cuadrante* (Teatro do Noroeste).

No cinema, realizou a dirección artística de *El juego de los mensajes invisibles* e o vestuario de *Crebinsky*, polo que foi candidato aos Mestre Mateo. Tamén participou en producións televisivas para a TVG e en curtametraxes.

MARTA ALONSO TEJADA

Deseño de movemento e coreografía

Marta Alonso Tejada é bailarina, actriz, directora escénica e xestora cultural.

Dirixe martaalonsotejada cía, compañía coa que crea espectáculos como *Bailar agora*, polo que recibe os premios María Casares 2021 á Mellor Dirección e á Mellor Actriz Protagonista, *SOFA*, *Dancin'Queen* ou *Dance Join*.

Como directora escénica, asina a dirección dos espectáculos *Transir* (Rojo Telón, País Vasco), *Insubmisia* (Antagonista Teatro, Galicia) e colabora recentemente coa Academia Galega do Audiovisual na dirección da gala dos XXIII Premios Mestre Mateo (2025).

Foi coreógrafa e asistente de movemento en varias producións de Pistacatro (*Orquesta de malabares*, *Drop*, *Sen patrón*) e en 2024 formou parte do elenco de *Os actos e as profecías*, produción coa que o Centro Dramático Galego celebrou o seu 40 aniversario.

Desde 2023 é tamén directora artística do festival de danza en espazos non convencionais ABANEA.

XOSÉ LOIS ROMERO

Composición musical

É un dos nomes fundamentais na evolución da música galega nas últimas décadas.

Acordeonista, percusionista, compositor, produtor, divulgador e docente a partes iguais, a súa traxectoria está vinculada a algúns dos nomes e momentos máis destacados da historia recente da música en Galicia, que inclúen dende os seus propios proxectos (Lelia Doura, Nova Galega de Danza, Vaamonde, Lamas e Romero, A Cada Canto, Grupo de Música Tradicional da Xunta de Galicia, AccordTrio, Aliboria...) ata a colaboración con outros artistas (Mercedes Peón, Fuxan Os Ventos, Baiuca, Leilía, Guadi Galego, Xabier Díaz, Radio Cos, Orquestra de Jazz de Galicia, Azougue, Kepa Junquera, Coetus, Jane Joyd...) e a participación en espectáculos escénicos (*Ovay, O quiosco das almas perdidas, Gharbo, Ball-Cans, O charco de Ulises...*), pasando por diversas publicacións divulgativas (*Pel e madeira, Doce polainas enteiras, De pano sedán, Galeoke...*).

Galardoado en numerosas ocasións, é posuidor de tres premios Martín Códax da Música.

MARCOS PTT

Asistencia de dirección e espazo sonoro

Marcos PTT (Lugo, 1977) dedicouse dende sempre á creación escénica, enriba do palco, e debaixo... e aos lados tamén. A súa escola de arte dramática foi a Sala Nasa, a compañía Chévere e as Festas do Circo do Colectivo Pistacatro, xa que a tribo do circo foi, e segue a ser, a súa familia escollida.

No ano 2004 mudouse a Barcelona onde fundou, xunto con Ezra Moreno, a compañía de teatro de obxectos El Retrete de Dorian Gray, coa que percorreu medio mundo e os principais festivais de monicreques de Europa.

Actualmente dedícase, sobre todo, á dirección escénica, e tamén ao seu labor dentro do Colectivo Galiza Emocional, ao que se une co ánimo de que o seu traballo teña un impacto máis directo no tecido social. No colectivo, deseña paseos sonoros, formato no que o territorio pasa a ser un obxecto poético. Co seu proxecto *Os andares*, feito xunto a Jose Díaz e Iria Azevedo, gaña o premio Sound Walk September, o maior galardón mundial a este tipo de arte.

Sempre traballa co ánimo de que o público non sexa só un espectador, senón tamén un axente creador. Ás veces, conségueno.

JOSÉ EXPÓSITO Asistencia de circo

José Expósito Alcocer é administrador xerente de Pista Catro Produtora de Soños S.L. e leva vinculado ao circo desde 2005, participando na creación de Circonove (formación) e Pistacatro (produción e distribución).

Dirixiu eventos como o encontro de malabares O Retruke (2011-2012), o festival Proxecto D10! (2015-2016) e iniciativas recentes como Aceleración Pistacatro e Antípodas (2023-2024), este último en colaboración co centro La Grainerie de Tolosa.

Como produtor, traballou en espectáculos de Pistacatro como *Impreuna* (2012), *Desperta!* (2013), *Orquestra de malabares* (2018), *Mezzo* (2019), *Arnoia Arnoia* (2018) e *Drop* (2021).

Impulsou a Asociación de Profesionais do Circo de Galicia e foi presidente da federación estatal CIRCORED (2020-2023), representando ao circo no Consejo Estatal de las Artes Escénicas do INAEM e participando en iniciativas como o Estatuto do Artista e a rede Circoaescena.

SANTI ROMAY Asistencia de produción

Dende o 2009 compaxina a súa faceta interpretativa coa da produción escénica.

A iniciativa de crear o festival Nordestazo Rock lévao a experimentar novas andainas no mundo da cultura. Dende aquela, participa en diferentes edicións de festivais, algúns tan recoñecidos como o Marisquiño ou o Morriña Fest.

No ámbito teatral seguiu desenvolvendo a súa faceta de creación e planificación, traballando en compañías como PT Excéntricas ou Olivas Negras, ademais de participar en diversas montaxes do Centro Dramático Galego.



www.centrodramatico.gal

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg_salonteatro](https://www.instagram.com/cdg_salonteatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)



CENTRO
DRAMÁTICO
GALEGO